

PROTOCOLO PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO Á ESAD DE GALICIA 2021/22, NA ESPECIALIDADE DE ESCENOGRAFÍA

O seguinte protocolo está baseado nas medidas publicadas polas autoridades sanitarias e educativas, relativas á prevención fronte á COVID 19, para que as probas de acceso á ESAD de Galicia 2021/22, poidan realizarse dunha forma segura.

1. CÓMO ACCEDER AO CENTRO PARA FACER AS PROBAS:

- Cada persoa aspirante ás probas de acceso teredes unha hora concreta de chegada ao centro, no caso de Escenografía é o xoves 8 de xullo ás 9.00h.
- As persoas aspirantes accederedes á ESAD pola súa porta de entrada principal e alí haberá un membro do tribunal que vos leva a aula onde se realizan as probas (neste caso aula P11).

2. CÓMO ACCEDER AOS ESPAZOS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO:

- As persoas aspirantes entraredes individualmente ao espazo destinado á realización das probas de acceso. Neste espazo, realizarase unha limpeza antes de acceder a el, e nel manteranse as distancias de seguridade (dous metros mínimo). O uso de obxectos para o desenvolvemento das probas o trae cada aspirante consigo e é de uso persoal. Os obxectos ou mobiliario propiedade da ESAD de Galicia, serán desinfectados antes e despois de cada proba.

3. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE ACCESO E MEDIDAS DE HIXIENE:

- As persoas que accedan ao centro sempre deben facelo con máscara, e deberán mantela durante o tempo que utilicen os espazos comúns e durante a realización das probas.
- O centro contará con dispensadores de xel hidroalcohólico, panos de papel e contedores hixiánicos na entrada ao centro, nos espazos onde se desenvolverán as probas e nas saídas.